



RESOLUCIÓN DO 14 DE DECEMBRO DE 2022 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E BAREMACIÓN PROVISIONAL, NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 16 DE SETEMBRO DE 2022, NO ÁMBITO DO HOSPITAL PÚBLICO DE CEE

Mediante a Resolución da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee (DOG nº 188 do 3 de outubro de 2022) convocouse procedemento de mobilidade voluntaria interna para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Hospital Público de Cee.

Con data 23 de novembro de 2022 publicouse a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas correspondentes as categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos. Unha vez rematado o prazo de reclamacións establecido na convocatoria, e non constando reclamacións, esta Xerencia de Área,

RESOLVE:

Primeiro: Declarar, **con carácter definitivo, os/as aspirantes admitidos e excluídos** ó devandito procedemento de mobilidade voluntaria interna nas seguintes categorías:

- Enfermeiro/a
- Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería
- Fisioterapeuta
- Grupo auxiliar da función administrativa

Segundo: Publicar a **listaxe provisional de baremación**, das categorías relacionadas no apartado anterior.

Terceiro: Darlle publicidade tanto a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos como a listaxe provisional de baremación das devanditas categorías, a través do taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña /páxina Web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

A baremación provisional tamén será visible no Fides/Expedient-e, no apartado de Procesos-Mobilidade voluntaria interna, de cada aspirante.



Cuarto: Contra a resolución provisional de baremación os /as aspirantes disporán dun prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación desta Resolución, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas.

A Coruña, 14 de decembro de 2022

O XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE



Asdo.: Luis Verde Remeseiro



**Lista definitiva de admitidos na mobilidade interna do HOSPITAL PÚBLICO DE CEE
(Resolución de 16 de setembro de 2022)**

categoria	nombre	ipf	estado
TÉCNICO/A EN COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA	CAMPOS VILELA, SARA MARIA	327****3M	ADMITIDA

* Ocúltase parcialmente o n.º de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa lexislación vixente.

**Listaxe de baremación provisional na mobilidade interna do HOSPITAL PÚBLICO DE CEE
(Resolución de 16 de setembro de 2022)**

categoria	nombre	ipf	galego	formacion	experiencia	total	posición
TCAE	CAMPOS VILELA, SARA MARIA	327****3M	6,000	24,000	289,080	319,080	1